




ACTUALIZACIÓN SITUACIÓN METEOROLÓXICA DÍAS 25 AO 28 XANEIRO


Xoves 25 – Xaneiro: Galicia atoparase un día máis na influencia das altas presións atlánticas, polo que continuaremos con tempo seco. As temperaturas serán moi suaves e os ventos soprarán do suroeste no litoral atlántico, pero en xeral con escasa intensidade. O mar de fondo continuará chegando do noroeste con ondas de 3 a 4 metros pola mañá, diminuindo pola tarde.

WRF ARW DET
Vento 10m (km/h) 2024-01-25 12:00Z



MeteoGalicia - Xunta de Galicia

ROMS
Velocidade Superficial (m/s) 2024-01-25 12:00Z




MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do xoves 25 de xaneiro


Venres 26 – Xaneiro: As altas presións e a estabilidade atmosférica continuarán sendo as características predominantes do tempo en Galicia. Ausencia de precipitacións e e vento case en calma, cambiando a norte-nordés pola tarde e acadando intervalos de moderado no litoral entre Bares e Fisterra. O mar de fondo tenderá a aumentar a medida que avance o día para quedar entre 3 e 4 metros ao final da xornada.

WRF ARW DET
Vento 10m (km/h) 2024-01-26 12:00Z



MeteoGalicia - Xunta de Galicia

ROMS
Velocidade Superficial (m/s) 2024-01-26 12:00Z




MeteoGalicia - Xunta de Galicia


Ventos e correntes previstas para o mediodía do venres 26 de xaneiro



Sábado 27 – Xaneiro: Non se agardan cambios moi significativos nesta xornada na que as altas presións continuarán exercendo o seu dominio. Polo tanto agardamos un novo día de tempo seco e por momentos moi soleado con algunhas nubes de tipo alto. Os ventos cambiarán de novo a sur e soprarán con escasa intensidade. O mar de fondo chegará do noroeste, con ondas de 2 a 3 metros de altura.




MeteoGalicia - Xunta de Galicia




MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do sábado 27 de xaneiro

Domingo 28 – Xaneiro: Nova xornada anticiclónica sobre Galicia, sen cambios significativos polo tanto na situación meteorolóxica. Continuaremos con tempo seco e contraste de temperatura entre as mínimas que seguirán sendo baixas e as máximas elevadas para a época do ano. Os ventos no litoral continuarán a soprar con escasa intensidade e o mar de fondo chegará do noroeste con ondas no entorno dos 2 metros.



MeteoGalicia - Xunta de Galicia



MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do domingo 28 de xaneiro

**Valoración sobre a chegada dos granulados ao litoral de Galicia**

Durante os vindeiros días Galicia continuará nunha situación anticiclónica polo que os ventos serán pouco intensos, con intervalos de calma bastante prolongados. Isto previsiblemente fará que os granulados continúen a dispersarse en mar aberto.

Información sobre as mareas:

Xoves, 25 Xaneiro

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	04:07	3.6	Preamar	03:43	3.5	Preamar	03:49	3.5
Balxamar	10:21	0.9	Balxamar	09:59	0.8	Balxamar	10:05	0.8
Preamar	16:29	3.4	Preamar	16:06	3.2	Preamar	16:12	3.3
Balxamar	22:23	0.9	Balxamar	22:01	0.9	Balxamar	22:07	0.9

Venres, 26 Xaneiro

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	04:42	3.7	Preamar	04:19	3.6	Preamar	04:25	3.6
Balxamar	10:56	0.8	Balxamar	10:34	0.8	Balxamar	10:40	0.7
Preamar	17:02	3.5	Preamar	16:40	3.3	Preamar	16:46	3.3
Balxamar	22:57	0.9	Balxamar	22:35	0.9	Balxamar	22:41	0.8

Sábado, 27 xaneiro

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	05:15	3.8	Preamar	04:52	3.6	Preamar	04:58	3.6
Balxamar	11:29	0.8	Balxamar	11:07	0.8	Balxamar	11:12	0.7
Preamar	17:34	3.5	Preamar	17:13	3.3	Preamar	17:17	3.3
Balxamar	23:29	0.9	Balxamar	23:08	0.9	Balxamar	23:13	0.8



Domingo 28 Xaneiro

A Coruña			Vigo			Vitagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	05:46	3.7	Preamar	05:24	3.6	Preamar	05:29	3.6
Baixamar	12:00	0.8	Baixamar	11:39	0.8	Baixamar	11:43	0.7
Preamar	18:05	3.4	Preamar	17:45	3.3	Preamar	17:49	3.3
→ Evolución da marea			Baixamar	23:40	0.9	Baixamar	23:45	0.8

Datos en tempo real:

Meteorolóxicos:

<https://www.meteogalicia.gal/observacion/meteovisor/indexVisor.action>

Océano-meteorolóxicos:

<http://www.intecmar.gal/Plataformas/plataformas.aspx>

Máis información dos modelos:

<https://www.meteogalicia.gal/modelos/inicio.action>